

Consello de Redacción:

ANTON COSTA RICO

MODESTO HERMIDA GARCIA

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ



SEMANARIO DE
EDUCACION
DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO IV N.º 182

As Escolas de Verán na procura dun novo espacio

MANUEL BRAGADO

Tódolos anos, por estas datas, reparámos nas páxinas de A PIZARRA na análise do fenómeno das Escolas de Verán, que durante a tempada estival abrollan ao longo de toda a xeografía galega. O redor de 2.000 profesores, este ano notouse na maiona das convocatorias unha certa diminución dos asistentes, xuntáanse para compartir unhas xornadas de traballo e completa-la súa formación persoal e profesional.

As Escolas de Verán (a partir de agora E.V.), son parte dunha historia que comeza a te-lo peso e o lastre que dan os anos. A súa situación actual, e sobre todo o seu inmediato futuro plantexan cada ano máis interrogantes. ¿Cal é o papel que cumpren hoxe este tipo de actividades? ¿cómo se sitúan en relación coas timidias reformas emprendidas pola Administración autónoma en relación á formación do profesorado (da que falábase hai pouco nestas mesmas páxinas)? ¿cómo se sitúan no marco dos chamados Movementos de renovación Pedagóxica, aos que en certos casos sirven de sustento? ¿teñen algún sentido as E.V., e os M.R.P.S., cando as reformas emprendidas desde a Administración (Ensinos Medios, informática, ciclo superior...) levan xa o márchamo "oficial" de "renovación"? ¿qué relacións van mante-los membros e animadores destas actividades respecto das iniciativas das diferentes administracións, tanto educativa como municipal? Diante de proxectos da Administración como a carreira docente, ¿qué papel poden coller este tipo de actividades de carácter de base?

Plataforma, suplencia, encontro

Cremos moi afortunada a análise que Fernández de Castro e os seus colaboradores (1) realizaron sobre as funcións que as E.V., viñeron cumprindo astra o momento: as de "plataforma", as de "suplencia", as de "encontro". Delas servíremonos para facer un fugaz percorrido por dez anos de traballo.

As E.V., naceron durante a dictadura franquista como plataformas políticas, clandestinas ou semiclandestinas, nas que as distintas forzas sociais, sindicais e políticas vencelladas ao mundo do ensino converxían para preparar alternativas. Froito deste traballo foi a proposta de ESCOLA PUBLICA, eixo que moveu tódalas Escolas de Verán e os M.R.P.S., durante a transición política. A reflexión xeral sobre o sistema educativo, as relacións escola-sociedade, o problema da selectividade, o corpo único de ensinantes, a construción e democratización dunha escola pública de calidade eran algunhas das preocupacións sobranceiras das primeiras edicións destas escolas en Galicia. Bo exemplo que respondía a este modelo de plataforma foron as Primeiras Xornadas do Ensino "celebradas" en Maceda, agora hai dez anos.



Nótase unha certa diminución dos asistentes as Escolas de Verán.

Desta primixenia función as E.V., pasaron a se converter en entes con funcións de suplencia administrativa no terreo da formación do profesorado. Pouco a pouco foron convertíndose na cita anual á que acudían moitos profesores na procura dun perfeccionamento do seu nivel docente (eivado por unha formación inicial moi deficiente), na busca de metodoloxías novas ou didácticas concretas que lles axudasen a unha mellora da súa práctica profesional durante todo o ano. A consolidación deste modelo de suplencia das carencias da formación inicial e do perfeccionamento, que a Administración non cubría, ou o facía moi irregularmente por medios dos ICES, levaron a que cada ano máis na confección dos programas das diferentes escolas a demanda fose a que mandase, relegándose os aspectos de debate e reflexión. Os organizadores preocupábanse, moitas veces, máis en cubri-las áreas de maior "pegada", fundamentalmente as lúdicas ou "talleristas", ca en estimula-lo intercambio de experiencias e o debate sobre a transformación da escola. Non fai allea, a esta consolidación a aparición de "profesionais" da renovación que realizaban a súa particular xira de verán impartindo cursoños aquí e acolá.

A teórica función de encontro, de intercambio de experiencias e reflexións cooperativas sobre a escola nunca chegou a coallar definitivamente nas E.V. Moi a pesar disto parece que moitos dos seus organizadores insisten de xeito pertinaz no continuismo das plataformas de suplencia, preocupados, mesmo, pola posibilidade dunha competencia das instancias institucionais no terreo da formación e renovación do profesorado.

Coidamos que desde o momento de que as Administracións, e dentro destas

tamén incluí a municipal, asumen como súa a responsabilidade do perfeccionamento dos docentes (bo exemplo desta nova tendencia é o preámbulo do recente Decreto sobre reordenación dos Centros de Recursos), o papel das Escolas de Verán e dos M.R.P.S., habrá de mudar substancialmente, convertíndose en fiscalizadores e críticos desta nova política.

Na busca dun novo espacio

Coidamos que o intre no que se atopan as E.V., e os M.R.P.S., é decisivo. Parece que as funcións de suplencia que viñan desempeñando necesitan dun fondo debate e revisión. O seu futuro non pode seguir baseado nestas tarefas, deben atopar un espacio propio recuperando os seus ideais iniciais: facer outra escola en base ao encontro dos propios educadores. Cremos que se debe producir un debate no seo de tódalas asociacións na busca de novos vieiros de traballo.

Coidamos imprescindible reafirmar as E.V., e os M.R.P.S., como foros de discusión e de crítica, nuns momentos como os actuais nos que máis ca nunca se requiren focos de iniciativa independentes do poder constituído nos que se debatan e discutan novas alternativas e aportacións sobre o sistema educativo. Non dudamos de que, nun principio, isto podería supor unha certa perda de incidencia no profesorado (se o avaliamos en termos cuantitativas, unha das maiores obsesións dos organizadores destas iniciativas, algunhas veces mesmo preocupados de competir entre eles), máis que a longo prazo pode ser un camiño potencial proveitoso.

Se é preciso comprirá abandona-la montaxe de ambiciosas estruturas, moi costosas economicamente (cando as

subvencións parecen ter unha tendencia a aminorarse), e que supoñen unha xerosa entrega por parte dos organizadores, para dedicar máis os esforzos a analiza-lo contido do seu propio Movemento (contábanme que na Escola de Verán do País Vasco, organizada por ADARRA, se dedicaba un tempo nada desprezable a debater sobre o senso do propio movemento), de cara a dotarse de plataformas e estruturas para facerse escoitas (publicacións, produción de materiais alternativos, encontros monográficos), de formas de participación nos organismos institucionais (a nivel de consellos escolares de carácter local ou autonómico, nos centros de recursos...).

Cremos que outra liña importante está na posibilidade de consolidar equipos pedagóxicos de centro que fixeran posible consolidar, concretar proxectos educativos. Estes anos de traballo demostran que as actuacións individuais non abundan para avanzar na renovación pedagóxica. Compre realizar un labor coordinado. Para isto ademais de superalos atrancos administrativos existentes (sobre todo a nivel de concurso de traslados), é necesario establecer unhas relacións persoais constructivas baseadas no diálogo aberto senón tamén en compartir unha serie de valores humanos. No futuro, nesta liña, o intercambio de experiencias non se debería dar tanto entre individuos senón entre equipos pedagóxicos e os seus proxectos. Isto colevará para as E.V., e os M.R.P.S., unha maior preocupación e mesmo priorización dos aspectos de xestión e funcionamento de centros, astra o de agora bastante esquecidos por eles.

As E.V., non deberían ser alleas ás tarefas de reflexión e de investigación pedagóxica. Poderían debaterse traballos froito das investigacións operativas do mestre ou equipo pedagóxico dentro da clae., de xeito que se permitise avanzar de xeito rigoroso no camiño da transformación da escola.

As E.V., deberán preocuparse de analiza-la relación da escola e o entorno, sabedoras de que a escola cada día pode cubrir menos eficazmente as tarefas de instrución da sociedade. Debatir e reflexionar sobre o sentido da institución escolar, camiño do bimilenio non é cuestión de pouca importancia.

Estas poden ser algunhas liñas de cara ao necesario replantexamento das Escolas de Verán e do traballo dos M.R.P.S. Non dudamos que estas iniciativas deben seguir sendo promocionadas, para que os profesores dispoñamos de espazos independentes onde analizar, reflexionar e presenta-las nosas esixencias e aportacións sobre o sistema educativo e as súas transformacións, pero para elo necesitarán modifica-la súa oferta, na liña de encontro que fomos apuntando.

(1) ELEJABEITIA C et al. **El Maestro. Análisis de las escuelas de verano.** Ed. EDE.

Arredor das Jornadas do Ensino

ANTONIO TOVAR RODRIGUEZ

Cando redacto estas sinxelas verbas, veñen de pecharse no Salón de Actos da Escola Universitaria de Maxisterio da cidade das Burgas, as X Jornadas do Ensino, Escola de Verán de Galiza e Portugal. A través do presente artigo, quixera facer algunhas reflexións merecentes da organización e desenvolvemento das actividades contempladas no cadro das Jornadas.

A primeira impresión que tiven cando asistín á sesión de apertura, foi que a asistencia do profesorado era dabondo inferior ó de pasadas edicións. Esta realidade evidente, fíxome cavilar sobor desta situación.

A conclusión á que cheguei, foi que a estrutura e concepción destas Jornadas, necesitan unha mudanza. Nas tres derradeiras convocatorias, practicamente se rexistra o mesmo orden interno, é dicir, os seminarios e demais actividades, sobor de todo prácticas, resultan repetitivos. Hai xente que estivo a facelos mesmos traballos que en anos anteriores.

Por outra banda, temos que valorar que hai seminarios que pola novidade resultan atráintes para o profesor pero que, cando xa foron simuladas as súas técnicas de base, xa perden en boa parte o seu atractivo. Dende eiquí, apoio unha reestructuración no plantexamento das actividades a desenvolver.

Tamén foi botado en falla a presenza dun curso de técnicas na iniciación á Informática. Se ben ten as súas complexidades, pola dificultade que supón a introducción do ordenador e a carestía que este feito conleva. Estamos perante outra situación novedosa para o ensinante, sobor de todo para o profesorado de ensino secundario que parece non sentirse identificado coas actividades que levan a cabo as diferentes escolas de verán.

Dende o meu punto de vista, os traballos, ponencias e comunicacións que contemplan o Simposio Internacional de Lingüística de Expresión Galego-Portuguesa, deberían desenvolverse fora do programa das Jornadas. A atención que mereceu o Simposio entre os asistentes, foi mínima. Pódese interpretar polo refugo que sente os ensinantes polos temas eminentemente teóricos. A xente non dúbida en matricularse nos talleres e actividades de orde práctico. O desenvolvemento do Simposio, debería ser máis aberto e participativo, se ben faría falla a súa difusión previa. Os temas tratados, xa nas tres edicións celebradas, merecen unha maior atención e seguimento polos especialistas en Lingüística, atención que sería conquistada en boa parte, se chegara a independizarse das Jornadas mesmas. Coido que merece unha atención plena e autónoma na súa organización.

Este ano rexistrouse a novidade da presentación de experiencias, traballos, informes e demais actividades de orde pedagógico-didáctico, desenvolvidas fundamentalmente polos mestres nas súas aulas. Tamén serven estas experiencias para informar ó docente das actividades, competencias e funcións dos Centros de Recursos, cecacias sexan o grandes marxinados e esquecidos polos mestres. Moitos saben que existen, pero descoñecen o seu funcionamento.

Este novo capítulo aberto nas Xorna-

das, foi totalmente exitoso, xa que supón un intercambio de experiencias-impresións entre compañeiros, moitos dos que sentense motivados para futuras actividades a desenvolver.

Por último apuntaría a necesidade que teñen estas Escolas de Verán de seren coñecidas polos profesores. Sería necesaria a súa divulgación nas Escolas de Ensino Básico e nos Institutos de BUP e FP., xa nas derradeiras datas de cada curso. Se non é posible facer un programa, co seu esbozo sería suficiente.

En resúme, segue sendo necesaria a continuidade destas Escolas pola demanda que están a sufrir por parte do profesorado que necesita unha ampla reciclaxe. Tódolos subsidios e apoios teñen que ser necesarios, tanto polas institucións públicas como polas organizacións privadas interesadas nun achegamento cada vez máis real entre a escola e o seu medio que a contempla e que a envolve.

As Escolas de Verán e a formación permanente

Trinta e seis cursoños, mesas redondas, conferencias, debates e actividades culturais concentraron en sete días do mes de setembro a máis de 350 mestres que deron vida á VIII ESCOLA DE VRAN DE GALICIA. Velai unha realidade que, non por repetida, deixa de sorprender. Ocupando o tempo libre e pagando os gastos do seu peto centos de mestres adican moitas horas de traballo ó seu reciclaxe e formación. O feito é aínda máis chamativo si temos en conta que o curso pasado presentáronse en sociedade os Centros de recursos cunha morea de cursos e seminarios que, en teoría, terían satisfeito as necesidades do profesorado.

Non imos facer aquí a loubanza do grado de conciencia e responsabilidade dos ensinantes senon que, ó fio dun dos debates da ESCOLA DE VRAN, interesanos reflexionar sobre a obligatorie-

dade ou non, dunha futura formación permanente.

Coincidían os sindicatos presentes no devandito debate na necesidade de artellar unha formación permanente, e adiantaban algunhas características: tería que ser obligatoria, dentro da jornada de traballo e pagada pola Administración. Algún dos presentes reforzaba esta proposta aludindo ás empresas que, noutros sectores, financian e organizan a formación dos seus propios traballadores. Parece claro que, revertindo a formación do profesorado na calidade do ensino, non sexa esta un esforzo individual. Mais ben ha de se-la "empresa" -administración- a que "invirta".

Este plantexamento leva a consecuencias non tan claras. Falta de obligatoriedade supón unha regulación, unha titulación e un curriculum. Non é difícil imaxinar que os centos de recursos e de profesores sexan os chamados a organizar e certificar a formación do profesor. Os colectivos de renovación pedagóxica veríanse abocados, nese caso, a que se lles "homologasen" as súas actividades ou ben terían que renunciar a elas. Un, a forza de lle dar voltas ó tema, chega a mirar pantomas e, por un momento, imaxina un conflito formación permanente privada-formación permanente pública. A pantasma semella deixar de selo cando aparecen protestas polo recorte inxustificable de subvencións as escolas de verán neste pasado curso.

Pero, cecais soio sexa iso, pantomas.

A cuestión pode plantexarse desde outro punto de vista. Seguindo o exemplo das empresas poderíamos pensar nunha planificación a nivel de Consellería ou de centro. O mestre, unha vez analizadas as necesidades, sería enviado ó curso tal ou cal. Parece que este plantexamento contaría con argumentos favorables desde un principio de coherencia pedagóxica do traballo do centro escolar, sin embargo, choca coa liberdade (¿de cátedra?) de escoller o propio curriculum, unha das características máis proveitosas de calquer sistema educativo e de formación.

De certo que as administracións educativas veñen facendo unha planificación centralizada a base de modificacións. Si se precisan especialistas en psicomotricidade, poñamos por caso, ofertáanse centos de cursos e axudas para formación de psicomotricistas. Nembargantes, non se ten chegado a facer obligatoria a asistencia a estes cursos a persoas concretas. Os únicos argumentos de tipo "estimulante-coercitivo" empregados deica agora, foron os "puntos" para concursos e cursoños de traslados. (No ensino privado utilizan o dereito a disfrutar do segundo mes de vacacións). Agora, nas novas propostas este sistema ven racionalizado e alambicado na chamada "carrera docente". Aquí topamos coa arbitrariedade e a xerarquización salarial, de destino, etc., etc. E este xa sería outro tema.

Todos estes problemas obrigan ós movementos de renovación pedagóxica, a redefinir-lo seu campo de actuación. Como decíamos noutro lugar, as escolas de verán están nunha encrucillada.

As Xornadas de Mugarbos

M.V.F.

As Xornadas de Educación de Mugarbos, celebradas durante a segunda semana de Setembro, e xa na súa sétima edición, constitúen un interesante modelo, se non alternativo, si necesariamente complementario ás grandes Escolas de Verán centralizadas. Promovida e financiada polo Concello-co apoio dun activo grupo de mestres da zona-, é, dende fai anos, centro de referencia obrigado para tódolos interesados na renovación pedagóxica da bisbarra ferrolana.

Sen embargo, tamén a elas chegou este ano a penuria económica, derivada das restricións nas subvencións das institucións autonómicas e centrais (non hai que esquecer que Mugarbos é un Concello pequeno cun potencial económico moi limitado), ao mesmo tempo que de certo cansancio no grupo organizador, que non acaba de atopar nas novas xeracións de mestres a savia revivificadora que aporte novas ideas ademais de novas forzas.

A pesar de todo, tamén este ano máis de douscentos mestres acudiron a una oferta de cursoños, conferencias e actividades paralelas que, se ben máis reducida ca do pasado ano, mantíña aínda un semellante atractivo. Psicomotricidade, plástica e construción de monecos, e imaxe, entre os cursos de carácter máis lúdico, combinábanse con outros de contidos máis formais: un moi interesante curso sobre a elaboración de experimentos científicos, outro sobre as matemáticas, sobre a educación pola paz e o uso da prensa na escola.

Entre as actividades paralelas cabe destacar unha densa mesa redonda sobre o futuro do ensino en Galicia que, moderada por Agustín Fernández Paz, contou coas intervencións de Xosé Lastra (director dun Colexio Público de E.X.B.),

Xulian Maure (ex director de Bibliotecas Publicacións durante o paso de Pousa como director xeral de Cultura da Xunta, e actualmente director de Instituto) e Camino Noya (profesora da Escola Universitaria de Vigo). O diagnóstico, sobre o futuro do noso ensino, como non podía ser menos, foi sensiblemente negativo. Sen embargo, a meirande parte dos intervinientes advertiu contra a tendencia a desviar-las culpabilidades á administración, sen ter en conta que esta é en boa medida, finalmente resultado das tendencias e das forzas relativas dos grupos sociais actuantes en cada intre. Denunciáronse tamén certas campañas confucionistas, entre elas significativamente a petición da sectorialización universitaria (Norte e Sur), petición que, por debaixo de certa demagogia populista -dixose, evidencia inteses exclusivos dunha burguesía localista, e frente a que se propuxo a extensión do actual campus unida a unha política de afortalamiento, dignificación a mellora dunha única Universidade Galega.

Sen dúbida, como se observa na meirande parte das outras Escolas de Verán ou Xornadas Pedagóxicas, estas foron unhas Xornadas de crise e transición. Outras-como a Universidade Popular e Escola de Verán de Corcubión-houbéron de renunciar e non puideron acudir á habitual cita anual cos mestres. E, xa que logo, urxente pensar un futuro novo e renovado que salve o papel -de importancia indiscutible, e que non é substituíble polos cursoños insituacionais, nin xiquera por uns Centros de Recursos ou de Profesores dotados dun funcionamento óptimo, cousa hoxe lonxe da realidade- para estas pequenas iniciativas comarcais que ate o de agora servían de punto de encontro, de reciclaxe e de reflexión para os educadores desas zonas.

MAXISTERICO



PEPE CARREIRO

FALANDO

Paco Climent: la documentación periodística como base literaria

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

"La Gripe de Buffalo Bill" (Miñón/Accésit del Premio Nacional de Literatura 1980) situaba su acción en Cataluña, a finales del s. XIX y servía al autor para contarnos la estancia del circo de Buffalo Bill en Barcelona y la aparición de una epidemia de gripe que asoló la región en aquella época. En este marco desarrollará sus aventuras Jaime, un muchachito dispuesto a conocer a su gran idolo.

Con "Las otras minas del rey Salomón" (Escuela Española) nos va a acercar a unos trágicos sucesos acaecidos en la comarca de Río Tinto (Huelva) a finales del siglo pasado, junto al nacimiento del fútbol en Andalucía. Todo ello de la mano de Sara, Juan y Manuel, protagonistas de una simpática historia de amor.

El autor de estos libros: Paco Climent. Valenciano, profesor de E.G.B. y residente en Madrid, viene desarrollando una intensa labor como guionista de programas infantiles de televisión, entre otras muchas actividades.

Fue director de la desaparecida revista "El Acordeón", ha escrito varios guiones cinematográficos y crea sus relatos infantiles basándose en una profunda documentación histórica y periodística, que nos acerca a hechos interesantes, desconocidos por la mayor parte de los lectores.

Le acaba de ser concedido el "Premio Lazarillo" de este año por su libro "El tesoro del Capitán Nemo" (Edit. Noguer), obra intimamente vinculada a la ciudad de Vigo, como él mismo nos explicará más adelante.

Joven, agradable, de un dinamismo extraordinario, la conversación con Paco Climent resultó verdaderamente sugestiva.

A la pregunta que le formulé sobre el momento en que se encuentra el panorama literario infantil en España me respondió:

"Creo que es un buen momento: se escribe mucho y se publica bastante. Los padres y sobre todo los colegios se preocupan porque los niños lean. De todas formas es un mundo un poco raro dado que los que escribimos y los que seleccionan lo que se debe editar fuimos niños hace muchos años. A mi siempre me asalta la duda sobre lo que realmente les gusta a los jóvenes lectores, al margen del marketing... Pero en general veo muy positivo el interés actual con que se vive eso tan especial que es la literatura infantil..."


P.—En la obra de Paco Climent, se advierte un minucioso estudio periodístico e incluso histórico de los diversos temas, sobre el que se erige el relato. ¿Es esto el hilo conductor de tu literatura?

R.—Sí, en efecto, la base de mis relatos la encuentro buceando en las hemerotecas. Es un trabajo divertidísimo y apasionante y en mi caso obligado, pues la serie de libros a los que estoy dedicado tratan de seguir la pista a personajes reales como Buffalo Bill, Verne, De Foe, Sissi etc., a su paso por España. Y en estos viejos periódicos encuentro sus huellas además de imbuirme del ambiente social que en este determinado momento se respiraba por aquí.

P.—La aventura se hace evidente también en tus obras. ¿Se pueden escribir para niños dejando a un lado este elemento ya clásico de la literatura en general?

R.—Para mi la aventura, el misterio y el humor son las armas con que puedes enganchar a un joven lector. El humor es tan difícil... En cambio la aventura y el misterio es algo que siempre me ha atraído y que me es relativamente fácil elaborar. Además, como tú dices, es una clave que ha demostrado su eficacia desde la Odisea, nada menos.

P.—Yo no sé si tu estarás de acuerdo o no, pero constato en los lectores de hoy en día un cierto alejamiento de los clásicos de la literatura de aventuras (Verne,



Paco Climent.

Stevenson, Conrad...) ¿Cómo puedes explicar tú este fenómeno?

R.—Pues porque los lectores adultos se mueven un poco por modas. A lo largo de mi vida he asistido varias veces al amor y al desamor acerca de los libros de aventuras. De pronto Conrad, sin moverse de su sitio en la estantería, es ensalzado, reeditado para luego ser olvidado. Es un sino por pertenecer a un género que muchos consideran menor.

Pero la aventura no muere. Al fin y al cabo es un viaje al conocimiento de uno mismo en situaciones límite. En cuanto al lector juvenil creo que estos autores

siempre están vigentes. Lo que ocurre ahora es que hay mucho más donde elegir.

P.—¿Está el niño como sujeto receptor activo siempre presente desde el momento en que comienzas a idear una obra?

R.—Sí por supuesto. Mis lectores están entre los 10 y los 14 años, y tengo muy en cuenta lo que siempre les ha atraído y atraerá a la gente de esas edades: curiosidad hacia el mundo en que emergen y hacia su historia, las transgresiones de las normas impuestas por los adultos, el descubrimiento del otro sexo y la necesidad de un guía, ese personaje fundamental que "lo sabe todo": el héroe, el sabio, el experto... (en femenino también, claro.)

P.—¿Se han conseguido en España innovaciones dentro del mundo literario infantil o más bien nuestros escritores van a remolque de las distintas corrientes extranjeras?

R.—Me parece algo inevitable, pues llevamos años de retraso. Desde Perrault y los Grimm siempre hemos ido a remolque. En un mundo tan fluido como el actual, eso no me preocupa. Lo importante es creérselo y hacerlo con calidad.

P.—Paco, ¿qué puede aportar un buen escritor de libros para pequeños a los programas infantiles de televisión?

R.—Son lenguajes e industrias diferentes con lo que no es fácil el trasvase. Pero indudablemente un escritor de libros infantiles tiene un conocimiento de los intereses y la sensibilidad del niño que

lo hace potencialmente válido para desarrollar un trabajo en televisión. Otro camino podría ser el cine. Pero a diferencia de los británicos y de los países socialistas en España hay una escasa tradición en cuanto a la producción de cine infantil y juvenil.

P.—Para terminar, me gustaría que explicases la génesis de tu último libro "El tesoro del capitán Nemo", tan relacionado con nuestra ciudad de Vigo. ¿Cómo surgió la idea? ¿Por qué? etc...

R.—Leyendo una biografía de Verne, me enteré que había estado en Vigo y eso me interesó. Investigué y aparte lo que recogí el FARO DE VIGO de la época no encontré nada más. Y eso que me cartee con el Centro de Estudios Vernianos de la Universidad de Burdeos. Pero la anécdota me bastaba, sobre todo teniendo en cuenta que los tesoros de Rande era la principal fuente económica del capitán Nemo en la novela de Verne "Veinte mil leguas de viaje submarino". Si a estos datos se añade que por la fecha de la visita una misteriosa compañía inglesa quería rescatar los tesoros de Rande y que el ilustre vigués de adopción Sanjurjo Badía había inventado un submarino, pues la verdad es que tenía casi todos los elementos para escribir una novela de aventuras y misterio. Solamente quedaba crear unos jóvenes protagonistas. Así lo hice basándome en personalidades y físicos de muchos amigos gallegos de mi época de veraneo en Pontevedra y de un año inolvidable que viví en Vigo dando clases precisamente, de cine.

Quando Verne veraneaba en Vigo

M.V.F.

Título: **El tesoro del capitán Nemo**
Autor: Paco Climent
Editorial: Noguer. Barcelona 1986
Premio Lazarillo 1985

Paco Climent es una "rara avis" entre los cultivadores de la literatura infantil-juvenil en nuestro país, y casi me atrevería decir que de cualquier otro país. Mientras en todas partes parece imponerse el relato fantástico o/y humorístico, que concede al autor de la más absoluta de las libertades a la hora de inventar situaciones, paisajes y personajes, Climent, con voluntad y seriedad de investigador, acumula pacientemente las informaciones, rigurosamente contrastadas, sobre las que habrá de edificar sus historias. No es raro, en consecuencia, que mientras otros acumulan páginas y páginas de ficciones gratuitas, él, a lo largo de diez años—desde que comenzó la preparación de su primera novela, **La gripe de Buffalo Bill**—, sólo haya escrito tres, todas ellas ambientadas en la España de finales del pasado siglo.

Hasta ahora no hay en lo dicho, estrictamente, juicio de valor ninguno. La literatura, finalmente, no quiere saber nada de los esfuerzos previos de los creadores. Sólo queda la palabra. Y es aquí donde también Paco Climent se significa respecto de los más conocidos escritores españoles en el ámbito de la literatura para jóvenes: su escritura manifiesta una voluntad de estilo que es paralela a aquella voluntad investigadora que acabamos de señalar. Como si el mismo esfuerzo, desarrollado en la ambientación de sus historias, le exigiese un paralelo acomodo del lenguaje, su manera de narrar toma la forma de un castellano un punto envejecido, de una pulcritud y una corrección que, especialmente en los diálogos, amenazan parecer forzados, pero que siempre

están al servicio de una perfecta claridad expositiva.

Tanto una cosa como la otra—la documentación como método de trabajo y la sencillez y claridad, no reñidas con una cierta retórica como estilo—tienen, en la historia de la literatura juvenil, un maestro indiscutible: el gran Jules Verne. Es fácil, a la vista de la novela que ahora nos ocupa, decir que el encuentro tenía que producirse. Se produjo, en cualquier caso, y a él vino a contribuir, a modo de dama encargada de las presentaciones de rigor, la mismísima ciudad de Vigo. Porque, por si ustedes lo desconocen, han de saber que el capítulo octavo de la segunda parte de **20.000 leguas de viaje submarino** se titula precisamente así: "La bahía de Vigo".

Pues bien, nuestro autor, suponemos que integrado por el hecho de que el prolífico Verne viniera a situar en nuestra ría nada menos que el centro de captación de recursos de su capitán Nemo, inventor y director de la fabulosa nave submarina bautizada como "Nautilus", procedió a hacer sus averiguaciones. Y fue así como descubrió que el escritor francés visitó varias veces el puerto de Vigo, a bordo de su yate privado, el "Saint-Michel". Y descubrió asimismo que de esas visitas existía—existe—constancia escrita y gráfica en las páginas del FARO DE VIGO (la del martes 4 de junio de 1878 aparece reproducida al comienzo de **El tesoro del capitán Nemo**).

Pero más aún. En su afán por conocer la realidad del Vigo de entonces, Paco Climent averiguó también que por aquellos años vivía aquí nada menos que un émulo del mismísimo capitán Nemo, o, si lo prefieren, un competidor de Montu-

riol y Peral, menos afortunado o menos conocido que ellos. Era éste don Antonio Sanjurjo Badía, que para muchos vigueses de hoy no es sino el nombre de una calle de su ciudad. Pero, nos recuerda Climent desde las páginas de su novela, su artefacto submarino aún existe, conservado por sus herederos en las instalaciones industriales que regentan.

Con esos datos, y pertrechado, como de costumbre, por un minucioso conocimiento de las condiciones de vida y costumbres de la época—medios de transporte, por ejemplo: ¿sabían ustedes que por aquel entonces se podía viajar de Pontevedra a Vigo en la "Ferrocarriana Mixta", empresa que llevaba hasta Portela en diligencia y luego hasta Vigo en tren?—, Paco Climent urde su ficción: un viejo maestro y su alumno predilecto—que relata la historia en primera persona—enfrentan con una empresa empeñada en expoliar los viejos tesoros submarinos del capitán Nemo—en realidad, el mítico tesoro de Rande, hundido tras la batalla naval entre una flota hispano-francesa y sus atacantes ingleses a final de 1.702—. En sus esfuerzos contarán con la colaboración del mismo Verne y recurrirán al ingenio submarino del inventor Sanjurjo.

Quizás el mayor reproche que se le pueda achacar a la novela sea precisamente la escasa tensión que alcanza el conflicto, agravada por el hecho de que ésta finalmente se diluye sin alcanzar el cénit que generalmente se pide a un relato de acción. Pareciera como si el autor, obsesionado por el acúmulo de datos, descuidara la invención de intrigas y sucesos. Reproche que, sin embargo, no debe oscurecer el reconocimiento de una buena novela, como así lo testimonia el Premio Lazarillo—máximo que se concede a relatos para niños y jóvenes en España— otorgado el pasado año.



Crónica do zahir

“En clave de sol”: a radio tamén

Miguel VAZQUEZ FREIRE

¿E por que non a radio? A sobranería fachendosa da televisión parece reducir toda comunicación á que parte da súa pantalla electrónica. O teatro xa hai quen o considera un obxecto arqueolóxico. O hábito lector reduce a súa utilidade a capacitar para o desciframento da programación semanal da caixa iluminada. Ata o cine parece ameazado seriamente... Pero a radio, cuxa morte foi case certificada nos anos setenta da irresistible ascensión da dona televisión, semella, en moitos sentidos, máis viva ca nunca.

Pero non de cara aos nenos. A radio ten recuperado audiencia entre os xóvenes, e resiste moi ben entre os distintos segmentos de idade dos adultos. Pero por baixo dos quince anos, ao parecer, non hai outro rei no mundo da comunicación ca non sexa a televisión. A radio leva moitos anos sen ser capaz de ofrecer aos pequenos ouvintes creacións de interese que poidan competir cos poderosos personaxes dos grandes programas televisivos.

¿E quizais a radio un medio decididamente inferior á televisión en canto á capacidade de comunicar cos máis pequenos? Eu non o creo. Penso que sinxelamente aínda ninguén acertou a concebir uns personaxes, uns programas que, explotando as especificidades do medio, conecten coas expectativas infantís. E sospeito que a razón principal non está na

inexistencia ou incapacidade dos creadores (guionistas, actores-locutores, realizadores...), senón que hai no mesmo medio—dentro das instancias directivas das emisoras— unha certa aceptación apriorística de que o público infantil non é un público para a radio. E polo mesmo non están dispostos a empregar medios—económicos, humanos— en conquistar unha audiencia que de antemán se dá por perdida.

Son estas afirmacións seguramente imposibles de probar. En calquer caso, mentres tanto—mentres alguén nalgún lado non inventa, produce, emite un programa radiofónico que fala aos nenos coas voces irresistibles dos contos de onte... ou dos de mañán—eu invito aos mestres dos primeiros cursos do ensino—de preescolar, do primeiro ciclo de E.X.B.— a que fagan a proba de xogar a escoita-la radio cos seus alumnos os martes as 11.30 da mañán. Buscar con eles o dial de Radio Nacional de España-Radio 2 e escoitar—e participar— o programa de educación musical “En clave de sol”, que dirixe Montse Sanuy. Non é un programa de creación, de invención. É un programa didáctico. Para aprender a cantar, a xogar coa música. Pode ser tamén un programa para que os rapaces lembren que, ademais da televisión, tamén existe a radio.

TABOIRO

QUINTO PREMIO DE TRABALLOS ESCOLARES DO DIA MUNDIAL DA ALIMENTACION

No “Boletín Oficial del Estado” do día 15 de xullo publicouse a orde de 24 de xuño pola que se convoca o “Quinto premio de traballos escolares do Día Mundial da Alimentación”, corresponde a 1986, sobre os pescadores e as comunidades pesqueiras, en relación coa alimentación.

Poderán participar neste premio os centros de EXB, en calquera dos seus ciclos. Os traballos terán unha extensión máxima de seis folios no caso de que se trate dun traballo de redacción, ou ben unha memoria de actividades, si se trata dun traballo práctico, poidéndose, en ambos os dous casos, acompañar debuxos ou gráficos relacionados con traballos aplicativos en materia de “Os pescadores e as comunidades pesqueiras”, asemade en relación coa alimentación.

Os traballos deberán ser remitidos á “Sundirección General del Mercado Alimentario, de la Dirección General de Política Alimentaria” (Paseo Infanta Isabel, 1, 28014 Madrid), rematando o prazo de admisión o día 16 de outubro, inclusive.

Establecéronse os seguintes premios:
—Un primeiro premio de 80.000 ptas.
—Dous segundos premios de 35.000 ptas., cada un.
—Dez accesits de 15.000 ptas., cada un.

A cuantía dos premios será destinada a sufragar gastos derivados de actividades escolares ou adquisicións de material didáctico. A entrega dos premios realizarase contra factura xustificativa.

A GENERALITAT DE CATALUÑA NON OUTORGARA ESTE CURSO CONCERTOS PLENOS

O departamento de Ensino da Generalitat de Cataluña non outorgará este curso “concerto pleno” a ningún centro privado de Cataluña por falta de recursos, conforme anunciou o conseller Joan Guitart. Sin embargo, Guitart engadiu que esperaba proseguir as negociacións co Ministerio de Educación “para chegar a cumprir-la LODE e para acadar-la gratuidade nos niveis obligatorios”.

O conseller sinalou que a Lode só poderá aplicarse na súa totalidade no caso de que se asignen os recursos necesarios. A directora xeral de Ensino Primario, Sara Blasi, sinalou, pola súa banda, que se fixeran algunhas excepcións con determinados centros, entre os que topaban algúns dos do CEPEC (Colectivo de Escolas por unha Escola Catalana).

Esta decisión adoptada pola Generalitat supón que aproximadamente no 60% dos centros privados de EXB os pais deberán abonar 500 ptas. ao mes, mentres que no restante 40% pagarán 2.000 ptas.

A concesión de concertos plenos ao 65% dos centros suporía pra a Generalitat un déficit de 1.100 millóns de pesetas.

segundo sinalou o conseller Guitart. Cataluña é a única comunidade autónoma con competencias en materia de ensino onde non se outorgan concertos plenos aos centros de EXB. O conseller manifesta que o feito de que outras comunidades teñan concertos plenos débese a que os seus gobernos dispoñían de fondos de anos pasados ou que asumiron o déficit ou que recibiron mapas cartos ca outras.

Esta política da Generalitat concretouse coa orde, de 5 de agosto, pola que se aprobaba a relación de centros docentes educativos. Nesta orde determinábase tamén as cantidades que poderán percibir transitoriamente dos alumnos os centros acollidos ao réxime singular de concertos.

M.B.R.

1.º Encontro Galego de Educadores Pola Paz

Os próximos días 25 e 26 de outubro organizado polo Grupo de Educadores pola paz de NOVA ESCOLA GALEGA celebrarase o 1.º ENCONTRO GALEGO DE EDUCADORES POLA PAZ, no marco da Residencia Stella Maris de Panxón.

Os organizadores do Encontro pretenden que os asistentes pasen unhas horas de estudio, reflexión, intercambio de experiencias, etc., co denominador común da educación para a paz, que se constitúe, nos momentos que vivimos nunha tarefa urxente, posible, real e inaplazable. A situación das relacións humanas, da sociedade en que vivimos, do estado mundial do planeta, non pode deixar indiferentes a todos os educadores, que teñen unha especial responsabilidade na procura dun mundo máis xusto e solidario. Por riba de todo Educadores pola Paz pretenden que estes Encontros sexan unhas xornadas de convivencia.

O programa que rexirá o Encontro será o seguinte:

Sábado 25. 10 h. Recepción. 10.45. Xogos cooperativos. 11.30 h. Traballo en grupos: Significado da Educación para a paz; A integración da Educación para a paz no curriculum escolar. Enfoques. 16.30 h. Comunicación de Experiencias. 20.30 h. Perspectivas de traballo e coordinación para o curso 86-87.

Domingo 26. 10.30. Xogos cooperativos. 11.30. Erros na práctica da Educación para a paz. 13 h. Conclusións do Encontro.

O precio do encontro é de 3.000 pesetas (estancia e manutención). Para inscribirse pónese en contacto con EDUCADORES POLA PAZ. Apartado 577 Vigo, ou facendo transferencia bancaria á conta n.º 8.950/0 da Oficina Principal da CAIXA DE AFORROS DE GALICIA de Santiago.

O ANAQUEL

● Eduardo AVERJUB. **Con el cielo en el bolsillo. La Astronomía a través de la historia.** G.C. Zero. Madrid 1986.

Eduardo Averjub é unha das indiscutibles “estrelas” das Escolas de Vran ao longo de toda a Xeografía española. Quen teñen asistido aos seus cursos saben moi ben o que poden agardar deste libro. Para os que non, cabe dicir que nel teñen unha amenísima e, á vez, moi rigorosa introducción á historia da Astronomía, a primeira ciencia da humanidade. Polas súas páxinas pasan desde as primeiras observacións dos sumerios, a cabalo entre a ciencia e a maxia, ata as derradeiras aportacións de Albert Einstein. Un libro para axudar a facer ama-la ciencia, de lectura recomendable tanto para profesores—que poden atopar estupendas ideas para levar á clase— como para os mesmos alumnos, a partir dos 12 anos.

● Mariano FERNANDEZ EN-GUITA. **Integrar o segregar la enseñanza secundaria en los países industrializados.** Editorial Laia. Barcelona 1986.

Un estudio da situación da chamada “enseñanza secundaria” nos principais países occidentais, excluída España. Estudio de especial interese xustamente nun intre no que entre nós se discute a incorporación dunha nova “reforma do Ensino Medio”. O título alude aos dous modelos principais de estruturar estas ensinanzas: o “integrado” que propón, despois da “primaria”, un canle único; e o “segregado”, que ofrece varios canles: “normalmente, una que prepara para la Universidad, otra que conduce a la incorporación temprana al trabajo y una tercera de tipo general o intermedio”. A tese xeral do autor é que os sistemas “segregados” son os máis vellos e tradicionais,

Herbert Read Educación por el arte



e que se observa unha tendencia a pasar dun primitivo modelo “segregado” a unha progresiva “integración”.

● Herbert READ. **Educación por el arte.** Paidós. Barcelona 1986

E este, sen dúbida, un atípico libro de educación. Escrito por un prestixioso historiador e crítico do arte—e non por un pedagogo—no ano inmediato ao fin da Segunda Guerra Mundial, nace dun cobizo e sorprendente proxecto: trasladar aos nosos días a tese, que o autor atribue orixinalmente a Platón, de que “el arte debe ser la base de la educación”. Pode que hoxe para moitos este intento de apoiar unha “teoría democrática da educación” nunha especie de esteticismo pedagóxico se vexa como algo desfasado (aínda que a aparición de novos e recentes intentos de propo-la Estética como fundamento da Etica piden a lectura contraria). Pero, en calquer caso, para quen vexa con escepticismo a tese do autor, tamén el poderá atopar nesta obra, xa que non un modelo de educación co arte como eixo, si cando menos un eixo para a educación artística.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

